

A fascinación da infancia

Narrativa Fonte completa a súa triloxía eumesa

O magnífico escritor portugués Lobo Antunes ensínanos, con fermosa expresión, que a imaxinación non é máis que a memoria fermentada. Fermento de excelente calidade o empregado por Ramiro Fonte para sacar unha fornada de pan tan abundante e tan ben cocido. Canto ten de imaxinario a nosa memoria?

As *pontes no ceo* (2007) completa a monumental triloxía *Vidas de infancia* –“este modesto cronicón”, en palabras do autor– que quere ser un retrato preciso e meticuloso da sociedade eumesa, con especial querenza polo mundo infantil, nuns anos vestidos de gris, “a perfecta melodía cromática deste tempo” (p.22). Na porta de cada volume, unha fotografía anuncia a intención do autor e o mundo fascinante que latexa no interior. Nos tres libros, a mesma cita literaria do intenso poeta francés Charles Baudelaire: “O xenio non é máis que a infancia claramente formulada.”

O escritor recupera a fórmula da crónica que xa empregara n’ *Os leopardos da lúa* (1993). Prodixioso exercicio de recreación do tempo da felicidade, a partir da memoria persoal e colectiva. Memoria de vidas e mortes na vila natal de Pontedeume ao longo dos anos 60, con saltos ao futuro e ao pasado. *Os meus ollos* (2003) viaxaba aos primeiros anos da lembranza, propia e allea, con ollada emocionada ao ámbito familiar. En *Os ollos da ponte* (2004), as vivencias do neno aparecen vinculadas aos primeiros anos de escola.

As *pontes no ceo* reconstrúe a última etapa que o rapaz pasa na vila, con grande protagonismo de toda a veciñanza. Nada escapa á ollada limpa e penetrante do neno nin á pescuda luminosa do erudito. Os cadros verbais trazados son como as fotografías de Tito Ríos e Miro ou como as acuarelas de Benito Vizo-so. Hai moito de procura restauradora, á maneira de Marcel Proust. O

universo vilego conforma unha rede de relacións humanas que guía os pasos atoutiñantes da vida. A escola-pasantía do Pescador, a “plazuela”, o convento, o café do Martiño, a tasca de Noche, o almacén de viños de Nistal, o cine-teatro Coliseo, o cine Eume, a Ponte de Pedra, a Ponte de Ferro, o salón de xogos, o laboratorio, o coche de liña, etc.

A xeografía sentimental do neno cínxese ao espazo que ocupa a vila dos Andrade e as aldeas periféricas, con escasas saídas ao mundo exterior: viaxe a Ferrol para asistir á botadura dun buque; viaxe á Coruña para o exame de Ingreso; viaxe a Vigo para a estadia vacacional da familia.

A existencia é unha viaxe vivencial permanente, que ilumina o ollar: a fantasía da televisión e a creación dos teleclubes; a maxia da música e do cinema; a ledicia das festas e romarías: os maíos, os folións, as festas patronais de setembro cos mómaros –xigantes– e cabezudos; a felicidade do verán, cos saltos de cabeza na auga e as saídas nos botes (“o Nel e o *Xeito-siño*”), co retorno de veraneantes e emigrantes; o tempo pretérito da aldea; a OJE e os Boy Scouts; a feira do 21 de Cabanas; os experimentos alquimistas; as procesións e desfiles; a presenza do ditador diminuto nas rúas da vila e nas ribeiras do río.

Amplísimo repertorio de personaxes ilustres e humildes, pretéritos e presentes: o mestre don Pablo, o barman cantante Lino Martiño, o erudito Constantino de Horta y Pardo, o aviador acróbata Xosé Piñeiro, o futbolista Paíño, o realizador televisivo Eugenio Pena, o carpinteiro de ribeira Víctor Garabana, o colega Carlos de Castro, a fantasma María Somorrosto, os alcaldes Celestino Sardiña e Sarmiento, o párroco don Pedro, o maestro Leira, o avó Paco e a avoa Berta, o barbeiro músico Xosé Cuñas, o taxista Colás, o mariñeiro Pepe Villar, o municipal Xesús

Allegue, os médicos don Ulpiano e don Francisco, o fotógrafo Marcelino Saavedra, os mómaros Pies e Guran... Pescadores, peixeiras, artesáns, comerciantes, hostaleiros, etc. acoden prontos á chamada recreadora do escritor das Mariñas dos Condes. Abundantes referencias literarias e apuntamentos históricos e artísticos enmarcan a narración.

O propio autor deita reflexións verbo do proceso creativo: “Esta obra versa sobre os segredos confesables, sobre esa parte da vida dos outros que podemos desvelar sen erixírmolos en xuíces dos seus actos, en carcereiros dos seus sentimentos, en verdugos dos seus corazóns” (p. 329). E acrecenta: “Esta é, fundamentalmente, a reconstrución dunha memoria de pais, fillos e netos que intentaron facer a vida con dignidade nun tempo en que a mesma cor da vida, como a dos retratos fidelísimos, tiraba a gris.” (p.330).

Ramiro Fonte conta de maneira directa e amena, mesturando con habilidade erudición e oralidade, con apelacións de complicidade ao lector e emocionadas expresións líricas, con doses de humor e ironía, para crear cadros escénicos cheos de vida e autenticidade.

As *pontes no ceo* acaba xusto onde comeza *Os meus ollos* –mudanza da familia a Ferrol (“Sangramos por dentro porque nos cortan as raíces”, p. 11)–, para pechar o círculo vital da infancia, paraíso perdido que a factoría da memoria-fantasía reproduce sen cesar para queimar a frouma de saudade que medra nas touzas da alma. A crónica da infancia de Ramiro Fonte é tamén, con pequenas variacións, o relato vital de cantos nacemos por volta desas datas. // **Delfín Caseiro**

As *pontes no ceo* ·
Ramiro Fonte ·
Xerais, 2007 ·
563 páx · 22 euros

